

29.11.2017

1. NOVO NÚMERO DA REVISTA “AVOGACÍA COMPOSTELÁ” (17/2017)

Como todos os anos por estas datas, publicamos un novo número (17/2017) da nosa revista *Avogacía Compostelá*. Ademais das colaboracións que se inclúen nesta ocasión, tamén se reserva un espazo para algúns dos actos e acontecementos máis destacados do Colexio neste ano 2017

Este novo número publícase por vez primeira en versión electrónica e xa está dispoñible para a súa descarga en formato PDF na páxina web do Colexio:

<http://www.icasantiago.org/o-colexio/revista/>



2. NOVAS FERRAMENTAS NA WEB PARA O CÁLCULO DE XUROS, INDEMNIZACIÓNS POR DESPEDIMENTO, CLÁUSULAS CHAN ETC.

En virtude dun novo acordo de colaboración subscrito coa editora Sudespacho.net, este colexio ofrece dende hoxe de maneira gratuíta para todos os colexiados e colexiadas novas ferramentas na web que permiten calcular de forma automática os importes requiridos nalgúns asuntos:

- Cálculo de xuros
- Cálculo de cláusulas chan
- Cálculo de indemnización por despedimento
- Cálculo de embargo de salario
- Cálculo de pensión alimenticia
- Cálculo de actualización de rendas
- Cálculo de taxas xudiciais

Estas aplicacións de cálculo están dispoñibles na zona restrinxida para colexiados da web colexial (Servizos ao colexiado / Ferramentas). Para acceder é necesaria a validación previa de usuario introducindo o número de colexiado e mais o DNI (sen letra).

<http://www.icasantiago.org/servizos-ao-colexiado/ferramentas/>